



XV edición

PREMIOS

Galicia á Xestión
Deportiva



PRAZO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS
ATA O 31 DE OUTUBRO

BASES DA CONVOCATORIA 2024

1.OBXECTIVO

1.1 A Asociación Galega de Xestión Deportiva (AGAXEDE), entre as súas actividades, convoca anualmente os PREMIOS GALICIA Á XESTIÓN DEPORTIVA para distinguir a entidades e persoas que destacaron pola súa contribución ao desenvolvemento e excelencia da xestión do ecosistema deportivo de Galicia.

1.2 Con este fin, AGAXEDE publica as bases da convocatoria dos XV PREMIOS GALICIA Á XESTIÓN DEPORTIVA.

2. CATEGORÍAS

2.1 A continuación detállanse as categorías desta convocatoria, máis a posibilidade de incluír algún premio a criterio do xurado, baixo a denominación de "Recoñecemento Especial José Luís Salvador".

PREMIO Á MELLOR PERSOA XESTORA DO DEPORTE

Á persoa, profesional ou directiva, que máis se distinguiu no desempeño da xestión deportiva en Galicia, sexa no sector público como no privado.

PREMIO Á MELLOR ACTIVIDADE OU PROGRAMA DEPORTIVO

Á mellor actividade ou programa deportivo celebrado en Galicia que máis destacou pola súa organización, sgritude, calidade, proxección ou calquera outro aspecto distintivo.

PREMIO Á XESTIÓN DEPORTIVA DUN CONCELLO < 15.000 H.

Ao concello de menos de 15.000 habitantes que máis destacou na xestión de plans ou proxectos de actividades, espazos ou infraestruturas e calquera outro recurso que contribúa á mellora e desenvolvemento do deporte no seu ámbito territorial.

PREMIO Á XESTIÓN PÚBLICA DO DEPORTE

Á entidade pública galega (Deputacións provinciais, Concello de máis de 15.000 habitantes e calquera outra institución pública) que máis destacou na xestión de plans ou proxectos de actividades, espazos ou infraestruturas e calquera outro recurso que contribúa á mellora e desenvolvemento do deporte no ámbito territorial da súa competencia.

PREMIO Á XESTIÓN DEPORTIVA EMPRESARIAL

Á entidade deportiva empresarial que máis destacou na xestión de plans ou proxectos de actividades, espazos ou infraestruturas ou calquera outro recurso que contribúa á mellora e desenvolvemento do deporte en calquera das súas manifestacións.

PREMIO Á XESTIÓN DEPORTIVA NO TERCEIRO SECTOR

Á entidade deportiva privada sen ánimo de lucro (clubs, federacións, fundacións, asociacións, etc.), que máis destacou no conxunto da súa organización, funcionamento e xestión deportiva.

PREMIO AO MELLOR ESTUDO OU INNOVACIÓN NO DEPORTE

Ao estudo ou innovación que se distinguiu pola súa contribución ao coñecemento e / ou proporcionou novas ferramentas no campo da dirección e xestión deportiva e, se é o caso, impulsando o desenvolvemento e a excelencia do ecosistema deportivo galego.

PREMIO AO MELLOR PATROCINIO DEPORTIVO

Á empresa ou entidade que máis destacou na actividade de patrocinio deportivo con calquera entidade deportiva galega, pública ou privada.

PREMIO Á XESTIÓN SOSTIBLE NO DEPORTE

Á persoa física ou xurídica que máis destacou a favor dunha xestión sostible do deporte.

PREMIO Á XESTIÓN DEPORTIVA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Á entidade que máis destacou no traballo de inclusión social a través do deporte.

PREMIO Á XESTIÓN DEPORTIVA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Á entidade que máis destacou polo seu traballo a prol da igualdade no deporte e o desenvolvemento do deporte feminino.

3. PRESENTACIÓN

3.1 Poderán presentarse propostas de candidaturas de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, segundo os requisitos dos premios establecidos nas súas diferentes categorías.

3.2 As propostas poderán ser presentadas por federacións, asociacións, clubs deportivos, entidades locais, fundacións, empresas e, en xeral, por calquera entidade ou institución pública ou privada relacionada co deporte de Galicia. Asimesmo, as persoas asociadas a AGAXEDE poderán realizar esta presentación a título persoal.

3.3 O Comité Executivo, excepcionalmente e tendo en conta circunstancias especiais, pode acordar incluír propostas que non foron presentadas con anterioridade durante o prazo establecido. En todo caso, a presentación dos mesmos axustarase ao formato das distintas categorías de premios, segundo o formulario oficial.

3.4 As propostas enviaranse cubrindo o formulario oficial, ao que se accede dende www.agaxede.org e presentaranse debidamente argumentadas e acompañadas da documentación suficiente para acreditar os méritos que correspondan segundo a categoría. A mesma proposta pode presentarse a diferentes categorías dos premios, mediante o formulario oficial, no caso de cumprimento dos requisitos específicos.

3.5 En todo momento cumpriranse as regras establecidas nestas bases, sendo competencia do xurado a súa interpretación, así como a forma de proceder naquelas situacións que non se contemplan.

4. PRAZO

4.1 O prazo de presentación de propostas de candidaturas para os XV PREMIOS GALICIA Á XESTIÓN DEPORTIVA, **iniciase o 6 de xuño e finalizará o día 31 de outubro de 2024.**

5. ADXUDICACIÓN

5.1 Constituirase un xurado designado pola Xunta Directiva, coa misión de avaliar as candidaturas e ditar os correspondentes premios, baixo a presidencia da persoa que ostente o devandito cargo en AGAXEDE ou da persoa en quen delegue. Estará asistido por unha persoa que exercerá as funcións de secretaria do xurado que recibirá e ordenará as propostas de candidatura presentadas e a documentación para a súa deliberación, así como facer a acta final da sesión do xurado.

5.2 Antes de avaliar as distintas propostas, procederáse a aceptar ou rexeitar as mesmas en función de se cumpren ou non os requisitos segundo as categorías establecidas nestas bases. Unha vez feita esta comprobación, avaliarase cada unha das solicitudes por categoría e elixirase a gañadora.

5.3 En cada categoría establécese un único premio. Excepcionalmente e tendo en conta circunstancias especiais, poderá ser concedido na mesma categoría máis dun premio, a criterio do xurado e de forma xustificada na súa acta.

5.4 O funcionamento interno do proceso de valoración e adxudicación dos premios será establecido polo propio xurado que se recollerá na acta.

5.5 Cando, en opinión do xurado, nalgunha das categorías non existise ningunha candidatura que reúna os méritos necesarios para poder adxudicar o premio, poderá quedar deserto e deberán sinalarse as razóns polas que se rexeitan as propostas presentadas na categoría que corresponda.

5.6 A presentación dunha proposta de candidatura supón a aceptación destas bases, sendo **INAPELABLE** a decisión do xurado.

6. ENTREGA

6.1 Os premios constituídos por un trofeo de cerámica de Sargadelos e un diploma acreditativo, serán entregados ás entidades e persoas gañadoras durante unha Gala que será organizada por AGAXEDE e que ven celebrándose en diferentes lugares de Galicia. Será no último trimestre do ano 2024, cuxo lugar, data e hora anunciarase no seu momento.



AGAXEDE
ASOCIACIÓN GALEGA DE XESTIÓN DEPORTIVA

beone
FITNESS & SPORT CLUB

FAGDE
Federación de Asociaciones de
Gestión del Deporte de España

GADIS

 coordinacion@agaxede.org

 www.agaxede.org

 Rúa Darwin, nº1, 15172, Santa Cristina, Oleiros, A Coruña.